



PRIMEIRA CIRCULAR

O comité organizador do XVIII Congreso Internacional da Asociación Hispánica de Literatura Medieval comprácese en convidalos a participar no encontro científico que terá lugar en Barcelona, do 2 ao 6 de setembro de 2019.

O Congreso desenvolverase na Facultat de Filologia e na Facultat de Geografia i Història da Universitat de Barcelona. O programa incluírá catro ponencias, a cargo de Lola Badia, Paloma Gracia, Santiago Gutiérrez e Aurelio González, e completarase con diversas sesións de comunicacións paralelas e dúas mesas redondas: unha sobre “A Filoloxía material” e outra sobre “A Filoloxía Románica na Universidade do século XXI”.

PROPOSTAS DE COMUNICACIÓN

As propostas de comunicación poderán enviarse **a partir do 15 de decembro de 2018 e ata o 31 de xaneiro de 2019**. Os socios da AHLM atoparán o formulario correspondente na páxina web do congreso: <https://ahlm2019.wordpress.com/>. O comité organizador, tras a avaliación das propostas recibidas, notificará a súa aceptación a través dun correo electrónico. Unha vez recibida a mensaxe de aceptación, os participantes poderán abonar a cota de inscrición seguindo as instrucións que se indicarán na páxina web. As propostas de comunicación non excederán en ningún caso os 1500 caracteres (espazos incluídos) e irán acompañadas dunha breve biografía, de cinco palabras clave e da adscrición académica do autor ou autores da proposta, así como do enderezo de correo electrónico a través do cal se desexa recibir as notificacións.

O formulario para a proposta de comunicación pode descargarse de <https://ahlm2019.wordpress.com/comunicacions/>.



INSCRICIONS

Modalidade de inscrición	Ata o 14/3/2019	Do 15/3/2019 ata o 30/6/2019
Comunicantes Comunicantes (doutorandos, doutores en paro e xubilados)	140 € 100 €	
Socios sen comunicación	90 €	120 €
Acompañantes	70 €	100 €

Para os comunicantes **o prazo improrrogable** para abonar a cota de inscrición é o **14 de marzo de 2019**. Os oíntes e acompañantes poderán inscribirse **despois do 15 de marzo e ata o 30 de xuño de 2019**.

Poderán inscribirse como comunicantes e oíntes unicamente os socios da AHLM que estean ao día no pagamento das súas cotas. Aquelas persoas que non sexan socias e queiran presentar comunicación deberán dirixirse á Secretaria-Tesoureira, Mariña Arbor Aldea (ahlm@usc.es), ou seguir a información relativa á inscrición e ao pagamento das cotas que atoparán na páxina web: <http://www.ahlm.es/Contacto.htm>.

Os acompañantes poderán inscribirse no Congreso sen ser socios da AHLM.

BOLSAS

A AHLM convocará bolsas para investigadores noveis que queiran presentar unha comunicación. A convocatoria publicarase ao finalizar o prazo para as inscricións e oportunamente indicaranse as diferentes modalidades de bolsa.

COMUNICACIÓNS

A duración de cada comunicación non ten que exceder en ningún caso os **vinte minutos**. As comunicacións poderán versar sobre calquera tema relativo ás literaturas medievais ibéricas. Como liñas temáticas específicas deste congreso propoñemos ademais as seguintes:



1. A literatura medieval e as Humanidades Dixitais.
2. As culturas medievais e o espazo mediterráneo.
3. Estudos medievais e historiografía: perspectivas críticas e metodolóxicas.
4. A recepción da literatura medieval: tradución, recreación e reflexión crítica.

Despois do Congreso enviaranse os traballos para a súa publicación e serán sometidos a unha revisión por pares cegos. Na segunda circular remitiranse as normas para a presentación de orixinais, que se farán chegar ao enderezo electrónico actesahlm2019@gmail.com **antes do 15 de outubro de 2019, tendo en consideración que non se aceptará ningunha proposta de publicación que non se axuste ás normas establecidas.**





COMITÉ ORGANIZADOR

Meritxell SIMÓ (Presidenta)
Anna ALBERNI
Pablo José ALCOVER CATEURA
Gemma AVENOZA
Irene CAPDEVILA ARRIZABALAGA
Antonio CONTRERAS MARTÍN
María del Mar CORTÉS TIMONER
Joan DALMASES
Anna FERNÁNDEZ CLOT
Lola JOSA
Gemma PELLISSA PRADES
Glòria SABATÉ
Lourdes SORIANO ROBLES

COMITÉ CIENTÍFICO

Vicenç BELTRAN PEPIÓ (Sapienza Università di Roma)
María del Rosario AGUILAR PERDOMO (Universidad Nacional de Colombia)
Carmen Elena ARMIJO CANTO (Universidad Nacional Autónoma de México)
Anna BOGNOLO (Università di Verona)
Gloria CHICOTE (Universidad Nacional de La Plata)
María Luzdivina CUESTA TORRE (Universidad de León)
Isabel de Barros DIAS (Universidade Aberta de Lisboa)
María Xesús LAMA LÓPEZ (Universitat de Barcelona)
Pilar LORENZO GRADÍN (Universidade de Santiago de Compostela)
José Manuel LUCÍA MEGÍAS (Universidad Complutense de Madrid)
María Ana RAMOS (Universität Zürich)
Rafael RAMOS NOGALES (Universitat de Girona)
Harvey L. SHARRER (University of California Santa Barbara)
Albert SOLER LLOPART (Universitat de Barcelona)
Lourdes SORIANO ROBLES (Universitat de Barcelona)
Cleofé TATO GARCÍA (Universidade da Coruña)



BARCELONA|2019
XVIII Congrés
Internacional



XVIII Congrés Internacional de l'Associació Hispànica de
Literatura Medieval
Barcelona, 2-6 de setembre de 2019

ahlm2019.wordpress.com | ahlm2019barcelona@gmail.com

CONTACTOS

XVIII Congreso Internacional
de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval

IRCVM (Institut de Recerca en Cultures Medievales)

Facultad de Filología

Gran Via de les Corts Catalanes, 585

08015 Barcelona

Enderezo electrònic: **ahlm2019barcelona@gmail.com**

Paxina web: **<https://ahlm2019.wordpress.com/>**



UNIVERSITAT DE
BARCELONA

Gran Via de les Corts Catalanes, 585
08007 Barcelona